

## ESGRIMA

# GALICIA EN ARMAS

## Dúas pratas e un bronce no Campionato de España de Veteranos

Rosa Cano, de Vigo; Manel Villadóniga, de A Coruña; Xosé Piñeiro, de Santiago e Ricardo Llovo, de Lugo, foron os representantes da nosa comunidade no Campionato de España de Veteranos



*Xosé Piñeiro,  
presidente e fundador  
do Club Compostela  
Esgrima, de Santiago*



*Manel Villadóniga, Ricardo Llovo e Xosé Piñeiro no Campionato*

O torneo reservado ás tres armas tivo lugar en Madrid, o 25 de abril. A selección galega de novo estivo á altura do gran nivel nacional coa proclamación de Manel Villadóniga como subcampión de España en Florete e medalla de bronce en Espada; mentres que a viguesa Rosa Cano acadaba tamén a prata en Espada Feminina.

Pola súa banda, Xosé Piñeiro, presidente e fundador do Compostela Esgrima, un pioneiro na introducción deste deporte na capital galega e, ademais, único representante galego en Sable, remataba no posto 13º nesta arma tras unha dura clasificación e nun destacado 5º posto en Espada, logo de ter caído no dolo fraticida co seu compañeiro de selección, Villadóniga, que cortou o seu camiño cara as medallas. O que sen dúbida debe subliñarse é que este último non é especialista nesta arma.

No referente a actuación do lugués Ricardo Llovo, tamén en Espada, dicir que se estreaba en competición nacional pasando con éxito a 'fase de grupo' con tres vitorias e máis tarde, no cadro 'de 32', gañaba o seu primeiro asalto pero non puido superar o seguinte, clasificando no posto 18º desta arma.